

# Xosé María Álvarez Blázquez

## Diario escolar dun mestre republicano

Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985), o home a quen se dedica este ano o Día das Letras Galegas, exerceu diversos oficios ao longo da súa vida, ademais dos de escritor (poeta, novelista, xornalista, investigador) e editor (Monterrey, Castrelos), pero o que realmente quería ser era mestre. Foino durante o curto período de tempo que lle deixaron selo.

**Narciso de Gabriel**  
Universidade da Coruña  
gabriel@udc.es

### Palabras clave

Maxisterio, formación, depuración, diario escolar, galeguismo.

### Estudos de Maxisterio

Logo de asistir á escola primaria e de preparar por libre o bacharelato en Tui, trasládase a Pontevedra para facer Maxisterio. Acolleuno na súa casa o seu tío e padriño Xerardo Álvarez Limeses, inspector de ensino primario. Non era un mal mentor para iniciarse no oficio de mestre. Seguramente foi el quen lle aconsellou seguir este camiño.

Explicaríalle os proxectos da República para o Maxisterio, comezando polo novo plan de estudos que se ía implantar precisamente o curso en que a Xosé María lle correspondía iniciar a carreira.

Por primeira vez na historia de España, para ingresar nunha Escola Normal era necesario estar en posesión do título de bacharel, que fornecería a necesaria cultura xeral aos aspirantes. Estes debían superar, ademais, un

exame-oposición para facerse cunha das prazas ofertadas. Os que o aprobasen cursarían estudos durante tres anos na Normal, que se ocuparía da súa formación profesional. Finalmente, o cuarto ano reservábase para a realización de prácticas remuneradas nunha escola primaria. Superadas as prácticas, ingresábase directamente no corpo do Maxisterio.

O coñecido como Plan profesional supuña unha mellora radical na formación e nos mecanismos de acceso á profesión dos mestres e das mestras, que tamén por primeira vez realizarían os seus estudos en réxime coeducativo. A estes alicientes sumábanse outros: as expectativas de emprego suscitadas polo proxecto ministerial de crear 27.000 novas escolas en cinco anos, o incremento dos salarios, a revalorización e dignificación do oficio de mestre por



Primeira promoción de mestres e mestras do Plan profesional da Escola Normal de Pontevedra. Xosé María Álvarez Blázquez é o terceiro pola esquerda

parte das autoridades republicanas e o crecente recoñecemento social de que era obxecto esta figura como consecuencia da “mística da escola” que segundo Rodolfo Llopis se fora creando en España durante o primeiro terzo do século XX. Non é sorprendente, por tanto, que estes estudos, notablemente “feminizados” nas décadas anteriores, recuperen o seu atractivo para os homes nesta nova e prometedor conxuntura.

Xosé María foi un dos 20 homes que superou a proba de ingreso na Normal de Pontevedra en 1931; comezaron os seus estudos, xunto coas 15 mulleres seleccionadas, no curso 1931-1932 e rematáronos no 1933-1934. Realizada a proba final de conxunto, e calculada a media dos tres cursos, obtivo o número cinco dunha promoción formada por 18 alumnos-mestres e 14 alumnas-mestras, como se pode comprobar no rigoroso

traballo realizado por Anxo Serafín Porto Ucha sobre esta Escola Normal.

### Traxectoria profesional

O noso mestre escolleu como centro de prácticas a Escola Graduada de Tui, para a que foi nomeado o 14 de novembro de 1934, cun soldo anual de 3.000 pesetas. Será neste curso cando redacte o Diario ao que nos referiremos máis adiante, que debía ser un dos elementos que se consideraban á hora de avaliar as prácticas, pois foi revisado polo inspector Juan Novás e o profesor normalista Ramón Segura cando realizaron unha visita de “orientación e inspección” o 23 de marzo de 1935: *“Finalmente observan con detención este “Diario”, así como el libro de asistencia”*, escribe Xosé María.

Aprobadas as prácticas, o 20 de setembro de 1935 toma posesión da

escola de nenos n.º 2 da Guarda, o 10 de febreiro de 1936 da unitaria de nenos do Barrio das Olivas de Tui e o 8 de outubro de 1937 da de nenos n.º 1 de Coia (Vigo), onde non chegou a exercer.

Esta traxectoria profesional truncouse por mor da sublevación militar de 1936, cuxos efectos marcarán de por vida a Xosé María e á súa familia. Acusado de “separatista” polo alcalde de Tui, o 30 de agosto de 1936 será suspendido de emprego e soldo polo gobernador civil de Pontevedra, coma outros 425 da provincia, aproximadamente unha cuarta parte do Maxisterio, segundo cálculos do profesor Porto Ucha. O 9 de setembro solicita que o repoñan no cargo, alegando un comportamento profesional correcto, ser católico practicante, discrepar do marxismo e ter contactos simplemente culturais co galeguismo. O expediente foi sobresido polo reitor da



Xosé María Álvarez Blázquez  
nos seus anos mozos

### “Desterro”

(*Poemas de ti e de min*)

Qué lonxe vivo,  
ai, madre!  
qué lonxe estou.  
Unha anduriña,  
madre,  
que non tornou.

¿Virán os tempos,  
madre?  
¿Virá San Xohan?  
Eu xa cavilo,  
ai, madre!  
que non virán.

Mais se viñeren,  
madre,  
iréi d-aquela  
matar a sede,  
ai, madre!  
da nosa arela.

Iréi d-aquela,  
madre,  
como anduriña  
que en vello niño,  
ai, madre!  
tardeiro aniña.

Ai, madriña!

Universidade de Santiago o 28 de novembro do mesmo ano, atendendo aos numerosos informes que avalaban a súa conduta, pero a comisión depuradora provincial non se conformou con esta resolución e tramitou un expediente de depuración cos seguintes cargos: “Galleguista. Afiliado a la Juventud galleguista”, “hizo propaganda pro Estatuto” e foi “apoderado electoral del Frente Popular”. A sanción final, ditada o 28 decembro de 1937, consistiu en suspensión de emprego e soldo por seis meses, traslado á provincia de Zamora e inhabilitación para cargos directivos e de confianza en institucións culturais e de ensino.

A estas desgrazas profesionais uníronse outras máis trxicas aínda, como a morte do seu irmán Celso (1941)

e anteriormente o asasinato do seu pai (1936), Darío Álvarez Limeses, a quen lembrará así en *Sonetos del alma insomne*:

*Ahora que quiero hablarte, no me acuerdo  
de la justa palabra sosegada  
para tu paz... ¡Mi voz está quebrada  
del grito aquel que todavía muerdo!*

Cumprida a sanción, e logo de licenciar do exército, tomou posesión da escola de Coreses (Zamora) o 5 de agosto de 1939, que abandonou definitivamente en xaneiro de 1942, e con ela o oficio de mestre, para instalarse en Vigo coa súa familia, que o necesitaba e á que necesitaba. En “Desterro” (*Poemas de ti e de min*) describe así esta experiencia en terras de Castela.

### Diario do mestre 1934-1935

Está redactado en cinco cadernos adquiridos no Bazar Romero (Tui), en cuxas cubertas figura o rótulo *Escolar*, así como propaganda do propio establecemento. No seu interior aparecen numerados do I ao V co seguinte título: “*Diario del maestro*” (*Anotaciones, observaciones, proyectos, etc.*)

A primeira anotación realízase o 12 de novembro de 1934 e a derradeira o 16 de xullo de 1935. Cada día ocupa unha páxina, unha cara para a sesión de mañá e outra para a de tarde. O mestre non falta nunca á cita co seu diario; cando non hai clase, por se celebrar unha determinada festividade, escribe a explicación que lles dera a véspera aos seus alumnos sobre o significado da celebración.



A matrícula reducíase a doce nenos cuxas idades descoñecemos, aínda que os máis oscilarían entre os oito e os dez anos. Xosé María refírese a cada un polo seu nome ou apelido e rexistra os seus progresos e dificultades, así como a súa asistencia.

Utiliza como libro de texto básico a *Enciclopedia Cíclico-Pedagógica. Grado Medio* de José Dalmáu Carles, redactado para estudarse en dous cursos: no primeiro, só o impreso en tipo maior, e no segundo, todo. A edición de 1933 contiña as seguintes materias: Lingua Castelá, Aritmética, Xeometría, Xeografía, Historia de España, Ciencias Físicas, Químicas e Naturais, Fisioloxía e Hixiene, Agricultura, Industria e Comercio, Dereito, Educación Social, Moral e Cívica e Historia Sagrada.

Todas estas materias, agás Historia Sagrada e algunha outra, traballábanse nas clases que se sucedían de luns a sábado en sesións de mañá —tres horas— e tarde —dúas—, a non ser o xoves, que só había clase pola mañá.

A mañá comezaba sempre co estudo das leccións, que normalmente se distribuían así ao longo da semana: Aritmética luns e xoves, Xeometría martes e venres e Gramática mércores e sábado. Esta actividade duraba arredor de hora e media, ocupando o resto da sesión a lectura, a escritura e o cálculo. Sobre as once había un recreo duns quince minutos, que os nenos non perdoaban.

A sesión de tarde tamén se iniciaba coa lección correspondente. Nos primeiros meses dedicábanse dous días á semana a Xeografía, outros dous a Historia de España e un a Ciencias, aínda que conforme avanza o curso vai desaparecendo ou reducíndose o peso dalgunhas destas materias para seren substituídas polas que quedaban. O estudo da lección duraba, pouco máis ou menos, unha hora; na hora restante os nenos lían, escribían, facían contas ou debuxaban.

Vexamos como discorrían as leccións dalgunhas materias, que se dividían en tres fases: repaso por parte dos alumnos, explicación e preguntas a cargo do profesor e exercicios sobre o tema.

## Gramática (18 de xaneiro de 1935)

*Comienza la sesión, repasando los niños la lección 11.ª de Gramática, referente al empleo de la c, de la d y de la h. Aun teniendo en cuenta que la práctica hace la mayor parte en ortografía, no por eso hemos de dejar de reconocer lo precisas que son las reglas, sobre todo en el momento de surgir una duda. Así pues, no rehuyo el que estudien estas lecciones, por si buenamente algo de la teoría les puede quedar. Después ya orientaremos nosotros la práctica en buen sentido.*

*Después de explicarles algunas reglas y preguntarles, les hago poner ejemplos de palabras que respondan a esas reglas. Esto es lo más interesante y lo que más fruto da. Cada niño me ha dicho unas seis palabras. Después les explico algo de la c y de la d, sobre lo que también pregunto. A continuación se hace un ejercicio de Gramática, consistente en escribir en sus libretas cada niño —prohibo copiar del otro— todas cuantas palabras con hache que sepa. Muy bien Capón, Daniel y Hermenegildo, escribiendo más de las 25 palabras que habíamos puesto como mínimo y con una sola falta. Los demás regular y muy mal. De los primeros Agustín, Juan Ramón, Ferro y Rodal.*

## Xeometría (23 de novembro de 1934)

*Se inicia la sesión con el repaso de la lección 4.ª de Geometría, cuyo programa dice: “Ángulos adyacentes —Ángulos opuestos por el vértice — Ángulos complementarios — Ángulos suplementarios — Suplemento y complemento de un ángulo.” Hasta las 10 y 1/4 dura el ejercicio oral en lo que los niños intervienen activamente, a instancias mías. Lo más fructífero fue un ejercicio intuitivo: cada niño, alzando los brazos horizontalmente, hicieron con ellos un ángulo; después los dividí en grupos, a cada uno de los cuales encargué de la construcción de los ángulos tratados: los opuestos por el vértice, por ejemplo, se construían con dos niños pegados por la espalda, y con los brazos en idéntica abertura. Los otros casos tuvieron una resolución semejante, con la que los niños adelantaron gran cosa con escasísimo esfuerzo, al par que*

*habiéndose distraído. Por lo demás Jaso era el único que había aprendido la lección.*

## Aritmética (21 de febreiro de 1935)

*Comienza la sesión con el repaso de la lección 18.ª de Aritmética, que es la primera del sistema métrico. Para ello hemos saltado tres o cuatro temas de números quebrados, por haber estimado más urgente y necesario el aprendizaje del sistema métrico decimal, del que los niños no tienen la menor idea. Sé que tal aprendizaje nos proporcionará ratos de agobio, pero es necesario hacerlo. Después de todo también aquí influye la fortuna, pues con la debida atención e interés por parte de los niños, pronto se habría arribado.*

*Los niños han estudiado a conciencia esta lección. Después de preguntarles la teoría: definición, múltiplos, submúltiplos, palabras raíces, etc., que todos saben perfectamente, pasamos al encerado, donde después de 40 minutos de brega, con un cuadro sinóptico y varios dibujos, conseguí, merced a su atención y ánimo dispuesto, enseñar a los niños lo siguiente: unidades de las medidas, formación de múltiplos y submúltiplos, valor de éstos, como aumentan y disminuyen según sean las medidas, para que se usa cada unidad, etc., etc. Concedimos preferente atención a las de longitud, capacidad y peso, pues mientras no dominen éstas en las reducciones de un orden a otro, no conviene hacer operaciones con las cúbicas y de superficie. Estoy satisfechísimo y espero enseñarles pronto todo el sistema.*

## Xeografía (19 de novembro de 1934)

*Desde las 2 y 1/2 hasta las 3 se ocupan los niños en el repaso de la primera lección de Geografía, que trata sobre la Tierra, sus relaciones con el resto del sistema solar, su extensión, etc., así también como de la geografía y sus divisiones. Con la ayuda de una esfera terrestre que pido a la Sra. maestra de la clase contigua, desarrollo la explicación de este tema, que necesita poco hincapié, ya que los niños lo estudiaron bastante bien. Después de explicar y preguntar alternativamente y hacer ver los movimientos de la Tierra y el proceso de*

los eclipses, tomando a los niños por astros, se pasa a un ejercicio escrito. Este dura desde las 3 y 1/2 hasta las 4-1/4, y consiste en la exposición de aquellos puntos que cada uno recuerda de la lección precedente en orden a ejercicios. Este ejercicio lo resuelven muy bien Campos y Sánchez, regular Enríquez y los demás bien.

## **Historia** (15 de xaneiro de 1935)

*La sesión de la tarde da comienzo repasando la lección 13.ª de Historia de España, relativa a los primeros Reyes del Reino de León. Como esta y las próximas lecciones ofrecen un cariz oscuro y poco comprensible, por el cúmulo de nombres y hechos de entonces hasta los Reyes Católicos, pienso hacer únicamente conversación, lectura de la lección y lectura de algún trozo literario pertinente, haciendo resaltar sobre todo el género de vida de entonces y su evolución, antes que los nombres de Reyes oscuros y anodinos, que tan poco interesan, cuando la vida de una nación es algo más que eso sólo.*

*Efectivamente, así lo hacemos, notando sólo algunos nombres, como el de Alfonso V, pero resaltando la vida de entonces: feudalismo incipiente, formación de ejércitos, vida azarosa, etc.; construcción de la catedral de León; martirio del tudense S. Pelagio, etc., etc.*

## **Ciencias Físicas, Químicas e Naturais** (14 de xaneiro de 1935)

*Por la tarde se inicia la sesión con el repaso de la lección 8.ª de Ciencias físico-naturales, referente al calor, su producción, medida, aprovechamientos, efectos, etc.*

*Con recuerdos de la vida cotidiana hacemos conversación sobre este tema, en el que los niños conocen por experiencia más aun que lo estrictamente necesario. En este ejercicio de memoria ninguno descuella notablemente, pero si alguno lo hace este es Luis Jaso. Generalmente contestan más por intuición o por lo que en clase o fuera de ella hayan oído, que por haber estudiado la lección. Pero será preciso no renunciar a este ejercicio preliminar, que será la base de los estudios superiores de los que los puedan hacer, por lo que se impone la*

*tarea de enseñarles a estudiar. Por otra parte debe tenerse en cuenta que a principio de curso apenas comprendían lo que leían, y ahora no sólo lo interpretan, sino que con frecuencia asimilan y aprenden perfectamente; por lo de pronto siempre llegan a mi explicación con una idea fiel de lo que trata la lección.*

O estudo das leccións ocupaba aproximadamente a metade do tempo escolar; a outra metade dedicábase a exercicios prácticos, centrados na lectura, a escritura e o cálculo.

Os nenos lían para si e en voz alta, en letra tipográfica e manuscrita, en prosa e en verso. A principal preocupación do mestre era conseguir unha lectura comprensiva, pois ao comezo do curso decatouse que a maioría non entendía o significado das letras que descifraban mecanicamente. Estes exercicios realizábase recorrendo a diversos libros de lectura; aos rapaces gustábanlles especialmente os de fábulas e *O Quixote*.

A escritura practicábase mediante a copia, que permitía mellorar a caligrafía, e o ditado, fundamental para o dominio da ortografía. Tamén se facían exercicios de redacción, quer a partir dun tema previamente lido ou estudado, quer sobre tema libre.

O cálculo iniciouse coa realización de contas de multiplicar; o primeiro día de clase todos resolveron correctamente esta operación:  $125.672 \times 425$ . Mais Xosé María devecia por lles formular problemas, e ao cabo de seis días xa os someteu a unha proba, que todos, agás un, superaron: “*Un niño tiene 54.307 cestas de manzanas, que vende a 125 pesetas la cesta. ¿Cuánto dinero hará con la venta de todas las cestas?*”. Con frecuencia deixaba que os propios nenos puxesen as contas e formulasen os problemas, que a miúdo tiñan un nivel de dificultade superior ao que o propio mestre estimaba prudente. O encerado e os encerados de man eran os principais instrumentos para este tipo de actividades.

Malia tratarse dun alumno-mestre, que se encontraba por primeira vez á fronte dun grupo de alumnos, Xosé María amosa un notable dominio do oficio.

Segue rigorosamente, sobre todo durante os primeiros meses, a secuencia establecida para cada unha das materias, planifica coidadosamente as actividades que debe realizar nas diversas fases da clase, avalía, rexistra e celebra diariamente os progresos dos rapaces, ocúpase deles de forma individual cando o estima necesario, fomenta a súa actividade, participación, iniciativa e creatividade, valora e aproveita os seus coñecementos previos, procura unha aprendizaxe comprensiva, recorrendo, no seu caso, a procedementos intuitivos, relaciona unhas materias coas outras, e aínda que non lle gusta o castigo, aplícao cando as circunstancias o esixen.

Referireime só a dúas cuestións entre as moitas que suscita a lectura do *Diario*: a forma de entender o ensino da historia e a presenza de Galicia.

Xosé María tiña unha especial querenza pola investigación histórica, como poñen de manifesto as súas múltiples publicacións sobre esta temática. Nos comezos do seu traballo docente ten a impresión de que non consegue interesar debidamente aos alumnos nesta materia, aínda que a medida que avanza o curso esta percepción mudará. Seguramente non foi alleo ao cambio de actitude dos alumnos o enfoque adoptado polo mestre, que discrepaba, como xa sabemos, dunha historia escolar centrada nos grandes acontecementos —máis que nada na sucesión de reis—, e apostaba por unha historia social e cultural, ao tempo que se laiaba da carencia de textos que adoptasen este enfoque.

O galeguismo tamén deixou a súa pegada no seu labor escolar, a pesar de que se trataba dun ámbito no que os contidos estaban moi estereotipados. En Pontevedra coñeceu, cando estudaba Maxisterio, a Alexandre —ou Alexandre, como prefería escribir Xosé María— Bóveda, casado con Amalia, filla do seu tío Xerardo, e afiliouse ás Mocidades Galeguistas. Eu “son parcial de Bóveda”, escribirá na biografía do líder galeguista, cuxa vida, paixón e morte xa a contara, tamén con emoción, Xerardo Álvarez Gallego. Foi Bóveda quen o animou a publicar n’*A Nosa Terra* un artigo —



Lunes 3 de diciembre de 1934.

De 9 a 9  $\frac{1}{2}$  repaso lección III de Aritmética, referente a la numeración romana, ya dada el día anterior, pero sobre la que conviene insistir, hasta que sea dominada perfectamente. Después pasaremos a la división.

Blevo a los niños al encerado, y, después de unas explicaciones preliminares, pregunto a cada niño el valor de una letra; después ordeno a cada uno escribir una cifra en números romanos; pongo algunas cantidades difíciles que se resuelven. Después hago más preguntas, explico, aclarando algunos puntos, y pongo en el encerado otros ejemplos, que los niños habrán de transcribir a sus pizarras escritas en números romanos.

Este ejercicio termina a las 11 y la nota media es *Bien*. Destacan Jaso, Ferrás y Sánchez.

De 11 a 11  $\frac{1}{2}$ , recorro, en el portal y en las habitaciones desocupadas, ya que la lluvia impide otra cosa.

De 11  $\frac{1}{4}$  a 12-30 escritura al dictado de un trozo gallego. Con enorme asombro por mi parte, y según se puede comprobar en las libretas, todos los ejercicios están muy bien. Después, de 12-30 a 12, leyeron y tradujeron en escrito, cada uno en su libreta.

Diario do mestre correspondente ao 3 de decembro de 1934, no que se realiza un ditado en lingua galega

“Outro aldraxe” (1934)— criticando duramente unha escolma de poesía peninsular destinada ás escolas, que desconsideraba a literatura galega e a figura de Rosalía de Castro. No *Diario* non consta que se lesen poesías de Rosalía, mais Galicia si estivo presente nas súas clases. Nas de Historia de España: “(...) les hablo de la gran influencia gallega en la monarquía Asturiana, hasta el punto de haberse llamado muy fundadamente por no pocos escritores monarquía Gallego o Galaico-Asturiana” (11 de xaneiro de

1935); “(...) hago resaltar ante los niños la egregia figura de Alfonso X el Sabio, con su afán cultural y patriótico, cultivando el idioma gallego en sus escritos, etc.” (5 de febreiro de 1935). Nas de Agricultura: “La conversación se derivó naturalmente hacia cuestiones de Galicia, pues sus cultivos son más conocidos de todos. Después apunté a los niños el hecho de como Galicia podía obtener mayor rendimiento de su riqueza, llegando a un límite insospechado y elevándose a la categoría de Holanda, Dinamarca o

*Bélgica*” (21 de maio de 1935). E mesmo nun ditado en lingua galega, práctica posiblemente inédita nas nosas escolas (3 de decembro de 1934).

Logo de ler o *Diario* -onde se aprecia esa “vontade de estilo” que Xosé María Álvarez Cáccamo observa no conxunto da obra do pai, aínda tratándose dun texto que o seu autor nunca pensou publicar-, que nos permite recapitular a nosa propia experiencia escolar, notablemente mellorada no meu caso, un queda sorprendido da mestría de Xosé María no seu período de prácticas, e só resta concluír cunha admiración: así formaba a República os seus mestres!

## Bibliografía

ÁLVAREZ CÁCCAMO, A. (1994) *Xosé María Álvarez Blázquez*. Vigo, Ir Indo.

ÁLVAREZ CÁCCAMO, X. M.<sup>a</sup> (2008) *Tempo do Pai*. Vigo, Galaxia.

BERNÁRDEZ, C. L. (2008) *Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez*. Escolma de textos. Vigo, Galaxia.

CABANA, D. X. (2008) *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e obra*. Vigo, Xerais.

GONZÁLEZ, C. (2007) *Xosé María Álvarez Blázquez, 1915-1985*. Noia, A Coruña, Toxosoutos.

PORTO UCHA, A. S. (1994) *A Escola Normal de Pontevedra (1845-1940)*. Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.

— (2003) *Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo*. Ponteareas, Pontevedra, Edicións Alén Miño.

- (2008) *Mestras e mestres pontevedreses depurados polo franquismo*. Ponteareas, Pontevedra, Edicións Alén Miño.

RABUÑAL, H. (2008) *Xosé María Álvarez Blázquez na súa canle secreta*. Ames, A Coruña, Edicións Laiovento.

Agradezo a Celso Álvarez Cáccamo, fillo de Xosé María, que me confiase unha copia do *Diario*, así como outra documentación para a realización do presente traballo, que posiblemente se ampliará e adquirirá forma de libro nos próximos meses.